# IV plan de Igualdade

Concello de Bueu



**Edita:**
Concello de Bueu
Eduardo Vicenti, 8 – 36930 Bueu
Tfno.: 986 324 395 e Fax.: 986 324 339
Enderezo electrónico.: cim@concellodebueu.org

**Deseño da portada, contraportada:**
*Luís Davila Malvido*

**Análise e redacción:**
*Mª Josefa Mosteiro García*
Profesora da USC e Axente de Igualdade

*Ramón Torrente García*
Psicopedagogo e Axente de Igualdade

**Revisión e corrección lingüística:**
Laura Arias Martínez. Tradutora e Intérprete
Isabel Martínez Rodríguez. Tradutora e Intérprete

**Coordinación:**
*Montserrat González García*
Directora do CIM de Bueu e Axente de Igualdade

**Imprime:**
Imprenta C. Peón. Praza do Teucro, 1 (Pontevedra)

# IV PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE BUEU

(2018-2021)

# Índice

| | Páxina |
|---|---|
| **1. INTRODUCIÓN** | 5 |
| **2. CONTEXTO** | 6 |
| **3. ESTRUTURA** | 9 |
| **4. DIAGNOSE** | 12 |
| **5. EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** | 43 |
| **6. ÁREAS DE ACTUACIÓN** | 44 |
| 6.1. Violencia de xénero | 42 |
| 6.2. Educación e cultura | 53 |
| 6.3. Formación e emprego | 64 |
| 6.4. Ocio e deporte | 70 |
| 6.5. Participación política e social | 74 |
| 6.6. Saúde e benestar | 78 |
| 6.7. Conciliación da vida laboral, familiar e persoal | 81 |
| **7. TEMPORIZACIÓN** | 85 |
| **8. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN** | 88 |
| **9. ANEXO** | 89 |
| 9.1. Marco normativo | 89 |
| 9.2. Glosario de termos | 92 |
| 9.3. Fichas de avaliación | 97 |

# 1. Introdución

A elaboración do *IV Plan para a Igualdade de Mulleres e Homes do municipio de Bueu (2018-2021)* é un reflexo da vontade expresa do Concello por continuar loitando contra todo tipo de discriminacións que seguen a perpetuar relacións de desigualdade entre as persoas por razón de xénero.

Este IV Plan é a continuación do traballo desenvolvido nos tres plans anteriores, e vai permitir que se continúen desenvolvendo durante catro anos políticas de acción positiva en todos os ámbitos, co fin de alcanzar a igualdade efectiva entre as mulleres e os homes no concello de Bueu.

O seu obxectivo primordial é seguir traballando na aplicación da estratexia de mainstreaming de xénero, xa recollida no III Plan, co fin de que a igualdade de oportunidades sexa realidade en todas as políticas e accións realizadas a nivel municipal.

Este traballo, é froito das enquisas realizadas no conxunto dos departamentos municipais e no resto de entidades implicadas na igualdade. Recolle actuacións concretas en sete áreas de actuación que se consideran de prioritaria intervención.

En cada unha destas áreas inclúense obxectivos específicos e medidas concretas de actuación, así como os departamentos implicados na súa execución e os indicadores desagregados por sexo para a súa avaliación.

Este plan pretende ser un documento de traballo, unha ferramenta práctica concibida e feita á medida das necesidades de mulleres e homes do municipio de Bueu.

# 2. Contexto

O municipio de Bueu está situado ao noroeste da provincia de Pontevedra, nas denominadas Rías Baixas, e ocupa unha extensión de 31 $km^2$, dos cales 10 $km^2$ son de costa.

Como vila integrante da península do Morrazo, limita ao norte coa ría de Pontevedra, ao sur co concello de Cangas, ao nordeste co concello de Marín, co de Moaña polo sueste e ao oeste coa ría de Aldán.

A súa localización no eixo de desenvolvemento Pontevedra-Vigo, favorece a conexión con importantes núcleos urbanos, coa capital da provincia, Pontevedra, da que dista a 19 km. e con Vigo a través da N.550 ou ben pola autopista A-9 cruzando a ponte de Rande sobre a ría de Vigo.

**Figura 1:** Mapa do Concello de Bueu




O municipio, segundo datos do Instituto Galego de Estatística,conta cunha poboación de 12.189 habitantes, dos cales 6.206 son mulleres e 5.983 homes. No que respecta á poboación estranxeira, hai 144 persoas:67 homes e 77 mulleres.

**Gráfica 1:** Total poboación por sexo




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do
Instituto Galego de Estatísticas. Xunta de Galicia (2016)

A distribución da poboación por idade e sexo reflicte unha maior densidade de poboación no tramo de 16 a 64 anos, tanto en homes como mulleres.

**Táboa 1:** Distribución da poboación por idade e sexo

| Idade | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| De 0 a 15 anos | 791 | 885 | 1 676 |
| De 16 a 64 anos | 3 944 | 3 996 | 7 940 |
| De 65 a máis anos | 1 471 | 1 102 | 2 573 |
| TOTAL | 6 206 | 5 983 | 12 189 |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do
Instituto Galego de Estatísticas. Xunta de Galicia (2016)

Respecto aos indicadores demográficos, segundo datos do Instituto Galego de Estatística, Bueu presenta un saldo vexetativo positivo de 14 persoas, con 117 nacementos e 103 defuncións. A idade media do primeiro matrimonio é de 29,7 para mulleres e de 27,9 para os homes, o que conforma unha taxa bruta de nupcialidade do 4,3 %.

A taxa bruta de natalidade da vila é dun 8 %, o de mortalidade do 8,2 % e o índice de envellecemento dun 90,6 %, o que significa que se está a producir un envellecemento gradual da poboación. Iso pode deberse ao incremento da esperanza de vida ou ben ao éxodo de emigración que se está a producir por boa parte da mocidade cara a outros municipios da provincia ou a outras comunidades. Ao mesmo tempo, tamén estamos a recibir poboación procedente maioritariamente da mesma provincia, seguida doutras comunidades e tamén do estranxeiro.

A economía baséase principalmente na pesca de arrastre, que na actualidade posúe máis de 100 barcos de baixura. Ademais, existe a pesca de altura e de gran altura que neste momento provocan o éxodo dos barcos cara a caladoiros afastados, aínda que esta flota fai base noutros portos de maior magnitude como os dos municipios próximos de Marín e Vigo.

A pesca combínase co cultivo do mexillón en bateas, sendo esta a industria que maior riqueza proporciona á zona, xunto coas industrias conserveiras. Outras industrias importantes dentro da bisbarra son a construción, a hostalaría e a restauración, que constitúen as principais actividades no sector terciario.

# 3. Estrutura

Para a elaboración do IV Plan de Igualdade levouse a cabo unha diagnose da situación de mulleres e homes no municipio. Isto fixose a través da recollida de información desagregada por sexo das actuacións realizadas por cada departamento municipal no marco das actuacións contempladas no plan anterior e a situación de mulleres e homes de Bueu no ámbito das súas competencias.

Para realizar esta diagnose, elaborouse unha ficha de recollida de información remitida vía enderezo electrónico ao persoal responsable dos seguintes departamentos: Igualdade, Benestar Social, Cultura, Mocidade, Deporte, Turismo, Desenvolvemento Local, Persoal, Urbanismo, Policía Local, Biblioteca, ademais do Centro de Saúde, Garda Civil, e Centros Educativos.

A partir da información proporcionada polos diferentes departamentos, levouse a cabo unha análise cuantitativa e cualitativa dos datos desagregados por sexo desde a perspectiva de xénero, que permitiu facer visibles as desigualdades, brechas e obstáculos debidos ao xénero aínda existentes no municipio.

En base ás desigualdades detectadas e ás posibilidades reais de actuación, procedeuse ao deseño do *IV plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do concello de Bueu (2018-2021)* que se configura, tal e como se recolle na figura 2, arredor dun eixo transversal e sete áreas prioritarias de intervención:

- *Área 1: Violencia de xénero*
- *Área 2: Educación e cultura*
- *Área 3: Formación e emprego*
- *Área 4: Ocio e deporte*
- *Área 5: Participación política e social*
- *Área 6: Saúde e benestar*
- *Área 7: Conciliación da vida laboral, familiar e persoal*

En cada unha das áreas de actuación recóllense obxectivos xerais e específicos e medidas concretas de actuación. Para cada unha das actuacións inclúense os departamentos responsables, a temporalidade e os indicadores de avaliación.

**Figura 2:** Áreas de Actuación Plan de Igualdade



**Figura 3:** Estrutura das áreas de actuación do plan



# 4. Diagnose

A continuación preséntase a diagnose da situación de mulleres e homes do municipio de Bueu, a partir da información aportada polas diferentes áreas municipais.

Na diagnose recóllense as desigualdades debidas ao xénero visibles a partir da análise cuantitativa e cualitativa desde a perspectiva de xénero dos datos aportados polos diferentes departamentos municipais.

Un dos problemas sufridos pola poboación do sexo feminino que maior relevancia e gravidade reviste hoxe en día é a **violencia de xénero**. Así, constitúe un atranco para a igualdade e impide que as mulleres gocen dos seus dereitos e liberdades.

> *Cada dez minutos unha muller perde a vida a mans da súa parella; 50 000 segundo datos da ONU. En España, no ano 2016, foron asasinadas 60 mulleres e dos 600 000 casos denunciados só un 5,2 % rematou en condena. O 65 % da violencia de xénero está agochada, só se denuncian un 20 % dos casos.*
>
> *Un 30 % da mocidade de 13 anos pensa que cando se agride a unha muller é porque «algo faría».*
>
> *Segundo unha macroenquisa do CIS de maio de 2017, só lle preocupa a violencia de xénero ao 1,3 % da poboación. Se morre un taxista ou un xoieiro fanse manifestacións de protesta. Pero logo hai mulleres e incluso fillos/as que son asasinados sen consecuencias. Isto é debido ás crenzas arraigadas na sociedade, tales como: «ela deixouno, sacoulle os nenos, ten que pasarlle unha pensión, queda coa casa e púxose tolo…». O 2016 foi o ano con máis mulleres mortas que puxeran denuncia. Por isto, non hai neutralidade. Os homes que asasinan non son delincuentes en serie, xorden da normalidade. Matan unha vez e non o fan máis. Os asasinos de mañá, hoxe son persoas normais. Así pois, a loita máis que contra os machistas hai que dirixila contra o machismo.*

Nos últimos anos, termos como *Ciberacoso*, *Internet Grooming* e *Sexting* poñen nome a outras formas de violencia que deben ser obxecto de especial atención hoxe en día.

Co paso dos anos, vén tendo lugar un aumento considerable das denuncias por malos tratos e cada vez son máis as mulleres que solicitan asesoramento para tratar de saír da situación que están a vivir, aínda que seguen a ser moitas as que sofren en silencio as consecuencias da violencia.

Así, constátase o seguinte na información[1] aportada polo Centro de Información ás Mulleres de Bueu: no ano 2017 houbo 99 mulleres vítimas de malos tratos, 62 que recibiron asistencia xurídica e 26 atención psicolóxica, das cales 16 teñen unha orde de protección e 12 recibiron axudas económicas de pagamento periódico establecidas na lei estatal de violencia de xénero.

**Táboa 1:** núm. de vítimas de malos tratos atendidas por sexo no servizo de asesoramento xurídico e psicolóxico do CIM

| Persoas atendidas no CIM | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Atención xurídica vítimas violencia de xénero | 62 | - | 62 |
| Atención psicolóxica vítimas violencia de xénero | 26 | - | 26 |
| Outras consultas sobre violencia de xénero | 11 | - | 11 |
| TOTAL | 99 | - | 99 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

A atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, é realizada no Centro de Información ás Mulleres, pola avogada e directora e mais unha psicóloga en coordinación con outros axentes sociais como as Forzas e Corpos de Seguridade e o Centro de Saúde.

A coordinación é total entre o CIM e a Garda Civil, que conta con formación especializada para intervir en situacións de violencia de xénero, e que participa na formación continua do seu persoal a través

[1]Datos do 1 de xaneiro ao 1 de setembro de 2017.

de asistencia de cursos específicos de atención a mulleres en situación de violencia.

As actuacións levadas a cabo pola Benemérita en coordinación co CIM van dirixidas a prestar información, apoio e derivación ao centro en relación aos feitos denunciados polas vítimas de violencia de xénero. Nestas actuacións, ofrecen información acerca das situacións das que teñen coñecemento e asesoramento para afrontar con éxito a presentación da denuncia; traballan coas vítimas que non teñen o valor para afrontar a denuncia pola inseguridade e medo que lles provoca o cambio nas súas vidas, especialmente a dos seus fillos/as a cargo; así como tamén imparten charlas sobre violencia de xénero en colexios e institutos.

A actuación da Policía Local en violencia de xénero está condicionada pola escaseza de recursos específicos para intervir nestas situacións. Isto é debido a que non teñen formación para atender a vítimas de violencia e non dispoñen dun protocolo de actuación propio para realizar as primeiras atencións, senón que ás derivan a Garda Civil.

O papel dos servizos de saúde de atención primaria na detección da violencia de xénero tamén é fundamental, de aí a importancia da participación coordinada co CIM. A maioría do persoal técnico do Centro de Saúde de Bueu non ten formación para atender a mulleres en situación de violencia de xénero e tampouco dispón dun protocolo propio para atender estes casos, aínda que o persoal sanitario da Comunidade Autónoma dispón dun protocolo de actuación ante a violencia e dun plan de formación no que se inclúen cursos de atención as vítimas.

Ademais do asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero, cada ano increméntase o número de mulleres que acoden ao CIM para solicitar outro tipo de asesoramento xurídico e psicolóxico.

Un total de 192 mulleres e 6 homes recibiron asesoramento xurídico no CIM, o que representa o 96 % e 4 % do total de persoas atendidas respectivamente. O perfil das mulleres que recibiron asesoramento xurídico é de entre 20 e 50 anos, sen traballo, con fillos/as ao seu cargo e cun nivel de formación básico-medio.

**Gráfica 1:** porcentaxe de persoas atendidas no servizo de asesoramento xurídico do CIM por sexo




Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo CIM

A maioría das consultas xurídicas están relacionadas con situacións de divorcio. No ano 2016, 73 mulleres recibiron asesoramento nesta cuestión. Tamén cómpre destacar as consultas de xustiza gratuíta e dereito penal. Os homes atendidos recibiron asesoramento principalmente en temas de filiación, dereito penal e xustiza gratuíta.

**Táboa 2:** Asesoramento xurídico do CIM, núm. de persoas atendidas por sexo

| Tipo de consulta | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Divorcio | 73 | - | 73 |
| Filiación | 4 | 2 | 6 |
| Unión extramatrimonial | 17 | - | 17 |
| Dereito civil | 15 | - | 15 |
| Dereito administrativo | 15 | - | 15 |
| Dereito penal | 29 | 2 | 31 |
| Dereito laboral | 6 | - | 6 |
| Xustiza gratuíta | 33 | 2 | 35 |
| Atención vítimas violencia de xénero | 62 | - | 62 |
| Outras consultas sobre violencia de xénero | 11 | - | 11 |
| TOTAL | 265 | 6 | 271 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo CIM

Un total de 414 mulleres recibiron asesoramento psicolóxico. As súas idades están comprendidas entre 20 e 50 anos, sen traballo, con fillos/as ao seu cargo e cun nivel de formación básico-medio.

O tipo de consulta psicolóxica con máis demanda é a terapia individual, froito de ruptura familiar, así como a atención de vítimas de violencia de xénero.

**Táboa 3:** Atención psicolóxica do CIM, núm. de persoas atendidas por sexo

| Tipo de consulta | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Problemas familiares | 3 | - | 3 |
| Outros | 7 | - | 7 |
| Ansiedade | 2 | - | 2 |
| Escoita activa | 1 | - | 1 |
| Consello asistido | 2 | - | 2 |
| Apoio na verbalización de problemas | 1 | - | 1 |
| Terapia individual | 369 | - | 369 |
| Recursos derivantes | 2 | - | 2 |
| Recursos ofertados | 1 | - | 1 |
| Atención vítimas violencia de xénero | 26 | - | 26 |
| TOTAL | 414 | - | 414 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo CIM

Ademais do asesoramento xurídico e psicolóxico, dende o Centro de Información ás Mulleres desenvolvéronse ao longo do ano 2017 actuacións de concienciación e formación dirixidas a diferentes colectivos. Algúns exemplos son a celebración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, o Certame de carteis contra a Violencia de Xénero, o Proxecto para a sensibilización, formación e prevención da violencia machista a través da creación de materiais audiovisuais e a X Campaña de educación non sexista.

Beneficiáronse deste tipo de actuacións, un total de 3 211 persoas: 2 100 mulleres e 1 111 homes, con índices de participación moi elevados.

**Táboa 4:** núm. de persoas participantes nos programas ou actividades organizadas polo CIM por sexo

| Tipo de actividade | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Obradoiro de ioga e relaxación | 20 | - | 20 |
| Obradoiro de encaixe de palillos | 18 | - | 18 |
| Obradoiro de costura | 17 | - | 17 |
| Obradoiro de autoestima | 15 | - | 15 |
| Certame de carteis contra a violencia de xénero | 224 | 143 | 367 |
| Proxecto para a sensibilización, formación e prevención da violencia machista a través da creación de materias audiovisuais | 250 | 309 | 559 |
| X campaña de educación non sexista | 1 556 | 659 | 2 215 |
| TOTAL | 2 100 | 1 111 | 3 211 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo CIM

Á vista dos datos obtidos e da información aportada polas profesionais que traballan no Centro de Información ás Mulleres, é necesario seguir traballando coas mulleres do municipio para que rompan a barreira do silencio que impide a denuncia das agresións. Isto pódese levar a cabo a través da consolidación do CIM, a coordinación e colaboración con outros axentes sociais e a continuidade de actuacións de sensibilización e concienciación.

Neste sentido, os obxectivos e as actuacións aquí deseñadas pretenden incidir tanto na prevención e sensibilización da sociedade como na axeitada atención ás vítimas e a mellora das ferramentas de que dispoñen as/os profesionais para a intervención.

A **educación** é un dos principais instrumentos para acadar a igualdade entre mulleres e homes e constitúe un elemento fundamental para o desenvolvemento persoal e a mellora da empregabilidade. A educación é precisamente un dos ámbitos nos que as mulleres teñen alcanzado maior presenza e igualdade respecto aos homes.

Segundo os datos do curso 2016-2017, a porcentaxe de homes matriculados nos diferentes niveis educativos no municipio é algo superior ao de mulleres. Nas primeiras etapas educativas (Infantil, Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, así como na Formación profesional básica) existe practicamente un equilibrio na matrícula de mulleres e homes con valores arredor do 50 %.

As desigualdades por sexo son máis acusadas nos ciclos formativos de grao medio e superior e no bacharelato de adultos. Así, o alumnado feminino (62,89 %) duplica ao masculino (37,11 %) nos ciclos formativos de grao medio, caso contrario que nos ciclos formativos de grao superior (70,37 % homes, 29,63 % mulleres), ao igual que no bacharelato de persoas adultas (67,47 % homes e 32,53 % mulleres).

**Táboa 5:** alumnado segundo ensinanza e sexo.
Curso 2016-2017

| Ensinanzas | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Educación infantil | 126 | 144 | 270 |
| Educación primaria | 267 | 310 | 577 |
| Educación secundaria obrigatoria | 176 | 204 | 380 |
| Bacharelato ordinario | 62 | 54 | 116 |
| Bacharelato adulto | 27 | 56 | 83 |
| Formación profesional básica | 15 | 19 | 34 |
| Educación secundaria para persoas adultas | 17 | 22 | 39 |
| Ciclos formativos de grao medio | 61 | 36 | 97 |
| Ciclos formativos de grao superior | 16 | 38 | 54 |
| TOTAL | 767 | 883 | 1 650 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polos centros de ensino

A análise da matrícula segundo sexo nas distintas modalidades de bacharelato pon de manifesto unha normalización nas eleccións académicas por sexo. Así, constátase que as diferenzas de matricula entre mulleres e homes nas distintas modalidades de bacharelato son mínimas, a excepción do bacharelato de *Ciencias Sociais* onde as mulleres (59,46 %) seguen a ter unha presenza algo maior que os homes (40,54 %).

**Táboa 6:** alumnado matriculado nas distintas modalidades de bacharelato segundo sexo. Curso 2016-2017

| Modalidade de Bacharelato | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Bacharelato de Ciencias | 31 | 34 | 65 |
| Bacharelato de Humanidades | 9 | 5 | 14 |
| Bacharelato de Ciencias sociais | 22 | 15 | 37 |
| TOTAL | 62 | 54 | 116 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polos centros de ensino

A diferenza do Bacharelato, nos programas de cualificación profesional inicial (PCPI), vese unha diversificación nas eleccións académicas realizadas por un e outro sexo. Deste xeito, nos programas de cualificación profesional inicial de *Actividades Marítimo-Pesqueiras* e de *Fabricación e Montaxe* o 100 % do alumnado son homes mentres que no ciclo de *Peiteado e Estética* practicamente a maioría do alumnado son mulleres (88,24 % mulleres fronte a 11,76 % homes).

**Táboa 7:** alumnado matriculado nos distintos programas de cualificación profesional inicial por sexo. Curso 2016-2017

| PCPI | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| PCPI Actividades Marítimo-Pesqueiras | - | 11 | 11 |
| PCPI de Fabricación e Montaxe | - | 13 | 13 |
| PCPI de Peiteado e Estética | 15 | 2 | 17 |
| TOTAL | 15 | 26 | 41 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polos centros de ensino

Na formación profesional é onde as diferenzas nas eleccións que realizan mulleres e homes son claramente estereotipadas.

Así, o ciclo formativo de grao medio de *Estética e Beleza* é elixido única e exclusivamente por mulleres. Pasa o contrario no de *Soldadura e Caldeiraría*, onde practicamente o 100 % do alumnado matriculado é do sexo masculino. No ciclo *Peiteado e Cosmética* a maioría do alumnado (un 96,15 %) é feminino, mentres que en *Xestión Administrativa* a matrícula de mulleres e homes está practicamente equilibrada.

**Táboa 8:** alumnado matriculado nos ciclos formativos de grao medio por sexo. Curso 2016-2017

| Ciclos Formativos | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| CM de Estética e Beleza | 25 | - | 25 |
| CM de Peiteado e Cosmética Capilar | 25 | 1 | 26 |
| CM de Soldadura e Caldeiraría | 1 | 27 | 28 |
| CM de Xestión Administrativa | 10 | 8 | 18 |
| TOTAL | 61 | 36 | 97 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polos centros de ensino.

Nos ciclos formativos de grao superior, o alumnado do Ciclo de *Construción Metálicas* é exclusivamente masculino (100 %). No Ciclo superior de *Administración e Finanzas*, a matrícula está practicamente equiparada entre mulleres (47,06 %) e homes (59,24 %).

**Táboa 9:** alumnado matriculado nos ciclos formativos de grao superior por sexo. Curso 2016-2017

| Ciclos Formativos | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| CS de Administración e Finanzas | 16 | 18 | 34 |
| CS de Construción Metálicas | - | 20 | 20 |
| TOTAL | 16 | 38 | 54 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polos centros de ensino

O alumnado matriculado nas ensinanzas de persoas adultas é maioritariamente masculino, aínda que con pequenas diferenzas respecto ao feminino (7,04 %). Estas diferenzas manteñense nos distintos niveis educativos, e son máis acusadas no bacharelato, onde o número de homes matriculados (67,47 %) duplica ao de mulleres (32,53 %).

**Táboa 10:** alumnado matriculado en ensinanzas de persoas adultas por sexo. Curso 2016-2017

| Ensinanzas | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Educación secundaria | 17 | 22 | 39 |
| Bacharelato | 27 | 56 | 83 |
| TOTAL | 44 | 78 | 122 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polos centros de ensino

As maiores diferenzas de matrícula entre un e outro sexo, atópanse nas modalidades de bacharelato, concretamente no bacharelato de Ciencias e de Ciencias Sociais, onde a porcentaxe de homes matriculados (76,19 % e 68,18 % respectivamente) é moi superior ao de mulleres (23,81 % e 31,82 % respectivamente). No bacharelato de Humanidades a matrícula está practicamente equiparada.

**Táboa 11:** alumnado matriculado en ensinanzas de persoas adultas segundo modalidade de bacharelato e sexo. Curso 2016-2017

| Modalidade de Bacharelato | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Bacharelato de Ciencias | 10 | 32 | 42 |
| Bacharelato de Humanidades | 10 | 9 | 19 |
| Bacharelato de Ciencias Sociais | 7 | 15 | 22 |
| TOTAL | 27 | 56 | 83 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polos centros de ensino

En Bueu existen un total de 6 centros educativos, nos que o cadro de persoal está formado por un total de 231 persoas, sendo máis do dobre, un 68,83 %, o número de mulleres que traballan no ensino. Se temos en conta a análise por nivel educativo, os datos revelan unha presenza tamén maioritariamente feminina en todos os niveis

educativos que se imparten, a excepción da educación secundaria para persoas adultas, onde o número de homes (66,67 %) é superior ao de mulleres (33,33 %). Cómpre destacar a existencia practicamente nula de homes docentes nas primeiras etapas educativas, infantil e primaria, onde a representación é inferior ao 20 %, cifras que se recuperan en cursos superiores.

**Táboa 12:** Distribución do profesorado segundo ensinanza e sexo. Curso 2016-2017

| Ensinanzas | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Educación infantil | 18 | 1 | 19 |
| Educación primaria | 42 | 8 | 50 |
| Profesorado especialista[2] | 4 | 3 | 7 |
| Educación secundaria obrigatoria | 48 | 20 | 68 |
| Bacharelato | 20 | 11 | 31 |
| Programas de cualificación profesional inicial | 14 | 4 | 18 |
| Bacharelato persoas adultas | 7 | 7 | 14 |
| Educación secundaria para persoas adultas | 2 | 4 | 6 |
| Ciclos formativos de grao medio | 13 | 9 | 22 |
| Ciclos formativos de grao superior | 9 | 6 | 15 |
| TOTAL | 159 | 72 | 231 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polos centros de ensino

No que se refire á **cultura**, nos últimos anos, grazas á crecente incorporación das mulleres aos distintos ámbitos da esfera pública, incrementouse a súa participación en todo tipo de manifestacións culturais e artísticas organizadas en Bueu.

No municipio, dende o I Plan de Igualdade, estase a apoiar a creación artística das mulleres de Bueu, facilitando a exposición e coñecemento das súas obras a toda a poboación. Non obstante, non temos información desagregada por sexo no último ano das exposicións realizadas e da participación nas actividades culturais organizadas polo Concello.

[2] Profesorado que comparte centros

Outras das actuacións levadas a cabo polo Concello e de gran relevancia cultural son a convocatoria dos premios de Poesía e Xornalismo Johan Carballeira e do Certame de Relatos de Muller Matilde Bares, certames que tiveron unha gran participación tanto de mulleres como de homes nos últimos anos.

Non dispoñemos de datos desagregados por sexo sobre o índice de participación no último ano dos certames de Poesía e de Xornalismo. No caso do Certame de Relatos Matilde Bares, non dispoñemos de datos, xa que se retomou a súa convocatoria este ano.

Na composición dos xurados atopamos unha maioría de mulleres no certame de Poesía e de homes no certame de Periodismo.

**Táboa 13:** núm. de persoas que compoñen o xurado dos certames ou premios polo concello por sexo. 2016

| Nome do Premio/Certame | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| XX Premio de poesía Johan Carballeira | 2 | 1 | 3 |
| XIV Premio Johan Carballeira Xornalismo | 1 | 2 | 3 |
| TOTAL | 3 | 3 | 6 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

En canto á participación das mulleres e homes nas actividades culturais organizadas polo departamento de cultura (festivais de musica, teatro, cine, monicreques, actividades realizadas con motivo do Entroido, Letras Galegas e Nadal) non dispoñemos de datos desagregados sobre o nivel de participación por sexo.

Os resultados da diagnose da área de Educación e Cultura poñen de manifesto o incremento do nivel educativo das mulleres nos últimos anos e a existencia de apenas diferenzas no nivel formativo que acadan un e outro sexo.

As diferenzas atopadas residen principalmente nas diferentes opcións formativas, sobre todo e principalmente na formación profesional, onde mulleres e homes elixen ciclos formativos tanto de grao medio como superior claramente estereotipados en función do que socialmente é máis apropiado para un e outro sexo.

Estas eleccións formativas están condicionadas, entre outras causas, pola adxudicación de roles e estereotipos ligados ao sexo e polos modelos interiorizados na familia e na propia escola sobre o que é «ser muller» e «ser home».
Na área de Cultura é necesario recoller información sobre a participación por sexo nas diferentes actividades que se organicen a nivel cultural no concello, así como seguir traballando en aras de fomentar a presenza das mulleres en todo tipo de manifestacións culturais e artísticas para, deste xeito, favorecer o seu empoderamento.

De aí a importancia de contemplar neste plan actuacións dirixidas a integrar o principio de coeducación na escola e a sensibilización e reeducación das familias e toda a sociedade en valores igualitarios.

Do mesmo xeito, é fundamental facer visibles as achegas das mulleres a través da organización de actividades nas que se dea a ver o importante papel que tiveron e seguen a ter na vida cultural do municipio.

No que respecta á **formación** e o **emprego**, a realidade socioeconómica do municipio de Bueu experimentou cambios nos últimos anos nos que a incorporación das mulleres ao mercado laboral tivo un papel fundamental. É tal a relevancia deste fenómeno, que non é posible hoxe en día entender unha sociedade desenvolvida sen unha participación igualitaria de mulleres e homes neste ámbito.

Non obstante, a pesar da crecente incorporación das mulleres de Bueu ao mercado laboral, o traballo segue a ser un dos ámbitos onde se reflicten importantes desigualdades entre mulleres e homes no municipio.

Así, segundo os datos correspondentes ao ano 2016, o número de mulleres desempregadas (56,31 %) é maior que o de homes (43,69 %). Por tramos de idade, as persoas maiores de 25 anos son as que teñen máis dificultades para incorporarse ao mercado laboral, sendo a porcentaxe de mulleres en situación de desemprego (56,84 %) algo superior ao dos homes (43,16 %).

**Táboa 14:** núm. de persoas desempregadas por sexo e idade[3] (2016)

| Idade | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Persoas menores de 25 anos | 31 | 32 | 63 |
| Persoas maiores de 25 anos | 478 | 363 | 841 |
| TOTAL | 509 | 395 | 904 |

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Traballo e Benestar (Xunta de Galicia)

O desemprego afecta maioritariamente ás mulleres que traballan no sector servizos e na industria, sectores altamente feminizados. No caso dos homes, tamén é o sector servizos o de maior número de parados, seguido da construción e da industria, sectores punteiros en contratación masculina. As diferenzas por sexos son patentes no caso do sector servizos e na construción, onde a taxa de paro das mulleres alcanza cifras do 69 %.

**Táboa 15:** núm. de persoas desempregadas por sexo e sector de actividade (2016)

| Sector de actividade | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Agricultura | 7 | 65 | 72 |
| Industria | 38 | 56 | 94 |
| Construción | 9 | 74 | 83 |
| Servizos | 401 | 178 | 579 |
| Sen emprego anterior | 54 | 21 | 75 |
| TOTAL | 509 | 394 | 903 |

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Traballo e Benestar (Xunta de Galicia)

O número de afiliacións á seguridade social tamén pon de manifesto a situación de precariedade laboral das mulleres. No período correspondente a xuño de 2017 foron dados de alta na seguridade social un 46 % de mulleres fronte a un 54 % de homes.

[3] O Total pode non coincidir coa suma de Homes e Mulleres xa que os datos son as medias de varios meses

**Gráfica 2:** núm. de afiliacións á Seguridade Social por sexo




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Instituto Galego de Estatísticas (IGE). Período xuño 2017.

O perfil das persoas usuarias do servizo de promoción do emprego é eminentemente feminino. Durante o ano 2016 recibiron asesoramento o dobre de mulleres (69 %) que de homes (31 %).

**Gráfica 3:** núm. de persoas usuarias do servizo de promoción do emprego por sexo




Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

A maioría das persoas acoden ao *Servizo de Promoción do Emprego* para recibir orientación laboral. O número de mulleres (72,37 %)que demandan este tipo de información é moi superior ao de homes (27,63 %). As consultas de asesoramento ao emprendemento son as

de menor demanda (30,69 %), sendo tamén neste caso as mulleres as que realizan un maior número de consultas.

**Táboa 16:** núm. de persoas usuarias por tipo de consulta

| Tipo de consulta | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Orientación laboral | 55 | 21 | 76 |
| Asesoramento ao emprendemento | 15 | 10 | 25 |
| TOTAL | 70 | 31 | 101 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

Por tramos de idade, as mulleres de 30 a 45 anos son as que realizan maior número de consultas sobre orientación laboral e asesoramento ao emprendemento. Este tipo de consultas son realizadas maioritariamente por homes de menos de 30 anos.

**Táboa 17:** núm. de persoas usuarias por tipo de consulta, sexo e idade

| Tipo de consulta | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Orientación laboral | | | |
| < de 30 anos | 12 | 9 | 21 |
| De 30 a 45 anos | 31 | 8 | 39 |
| > de 45 anos | 12 | 4 | 16 |
| Asesoramento ao emprendemento | | | |
| < de 30 anos | 5 | 5 | 10 |
| De 30 a 45 anos | 7 | 4 | 11 |
| > de 45 anos | 3 | 1 | 4 |
| TOTAL | 70 | 31 | 101 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

As mulleres e homes de menor formación, principalmente con estudos primarios, son as persoas que demandan maior asesoramento, tanto orientación para a procura de emprego como para o emprendemento. As persoas con estudos universitarios son as que acoden en menor medida ao servizo de promoción do emprego.

**Táboa 18:** núm. de persoas usuarias por tipo de consulta, sexo e nivel de estudos

| Tipo de consulta | Nivel de estudos | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|---|
| Orientación laboral | Primarios | 30 | 12 | 42 |
| | Secundarios | 15 | 7 | 22 |
| | Universitarios | 10 | 2 | 12 |
| Asesoramento ao emprendemento | Primarios | 9 | 8 | 17 |
| | Secundarios | 5 | 1 | 6 |
| | Universitarios | 1 | 1 | 2 |
| TOTAL | | 70 | 31 | 101 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

A maioría das persoas usuarias do *Servizo de Promoción do Emprego* atópanse en situación de desemprego, un 73,13 % de mulleres e un 26,87 % de homes.

**Táboa 19:** núm. de persoas usuarias por sexo e situación laboral

| Situación laboral | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Desempregadas | 49 | 18 | 67 |
| Ocupadas | 21 | 13 | 34 |
| TOTAL | 70 | 31 | 101 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

A pesar de ser maioría as mulleres que acoden a recibir asesoramento ao *Servizo de Promoción do Emprego*, participan moito menos que os homes nas actividades para fomento de emprego organizadas polo departamento. Deste xeito, obsérvase como, a excepción do mercado ecolóxico, no resto de actuacións o número de homes é superior ao de mulleres, sobre todo e principalmente no curso de fitosanitarios (71,67 % homes fronte a 28,23 % mulleres) e de socorrismo en espazos acuáticos (13,33 % mulleres e 86,67 % homes).

**Táboa 20:** actividades para o fomento do emprego por sexo

| Nome da actividade | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Curso fitosanitarios | 17 | 43 | 60 |
| Curso socorrismo en espazos acuáticos | 2 | 13 | 15 |
| Plan de emprego 2016 | 14 | 16 | 30 |
| Mercado ecolóxico 2016 | 51 | 38 | 89 |
| TOTAL | 84 | 110 | 194 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

Polo que se refire ao emprendemento feminino, é necesario destacar que no ano 2016 creáronse un total de nove empresas dirixidas por mulleres, fronte ás sete creadas por homes.

**Táboa 21:** núm. de empresas creadas no ano 2016 por sexo

| | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Empresas autónomas (autónomo/a) | 9 | 7 | 16 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

A sensibilización en materia de igualdade do persoal técnico do Servizo de Promoción do Emprego faise patente no uso da linguaxe non sexista en toda a documentación xerada polo departamento (documentación, bases de contratación, propostas, resolucións e informes) e nos anuncios que se empregan para promover as actividades.

No que respecta ao cadro de persoal do propio Concello, cómpre salientar que hai máis homes (54 %) que mulleres (46 %) aínda que con pequenas diferenzas porcentuais.

**Gráfica 4:** cadro de persoal do Concello de Bueu por sexo




Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

Aínda que a temporalidade é unha liña predominante das persoas traballadoras deste Concello, a maior temporalidade dáse entre as mulleres (62,34 %) mentres que o persoal funcionario (82,22 %) é maioritariamente masculino.

**Táboa 22:** distribución do cadro de persoal por tipo de contrato e sexo

| Tipo de contrato | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Persoal funcionario | 8 | 37 | 45 |
| Persoal laboral fixo | 3 | 4 | 7 |
| Persoal laboral temporal | 48 | 29 | 77 |
| TOTAL | 59 | 70 | 129 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

Por antigüidade, as persoas que menos tempo levan traballando no Concello son maioritariamente mulleres, concretamente, no período de menos de 6 meses no posto hai 40 mulleres fronte a 25 homes. Porén, son os homes os que teñen maior antigüidade, con arredor dun 75 % os que levan máis de 10 anos traballando no Concello.

**Táboa 23:** distribución do cadro de persoal por antigüidade e sexo

| Antigüidade non posto | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Menos de 6 meses | 40 | 25 | 65 |
| De 6 meses a 3 anos | 3 | - | 3 |
| De 3 anos a 10 anos | 1 | - | 1 |
| Máis de 10 anos | 15 | 45 | 60 |
| TOTAL | 59 | 70 | 129 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

A distribución do cadro de persoal por departamentos pon en evidencia unha gran asimetría de xénero en relación a esta cuestión. Constátase claramente que en Limpeza e medio ambiente a maioría das traballadoras son mulleres, mentres que en Obras e servizos os datos invértense.

**Táboa 24:** distribución do cadro de persoal por departamentos e sexo

| Departamento | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Alcaldía | - | - | - |
| Arquivo | - | 1 | 1 |
| Cemiterios | - | 1 | 1 |
| C.I.M. | 1 | | 1 |
| Colexios | 1 | 4 | 5 |
| Cultura | 4 | 3 | 7 |
| Deportes | - | 3 | 3 |
| Emprego | 1 | - | 1 |
| Estatística | - | 1 | 1 |
| Información | - | 1 | 1 |
| Intervención | 2 | 1 | 3 |
| Limpeza e medio ambiente | 32 | 7 | 39 |
| Notificacións | - | 1 | 1 |
| Obras e servizos (Incluído xardinería, carpintería e electricidade) | 1 | 15 | 16 |
| O.M.I.C. | 1 | - | 1 |
| Persoal | 2 | - | 2 |
| Policía | 2 | 18 | 20 |
| Praza abastos | - | 1 | 1 |
| Portelo | 1 | - | 1 |
| Rexistro | 1 | - | 1 |
| Secretaría | 3 | 1 | 4 |
| Servizos Sociais | 4 | - | 4 |
| Socorristas | 1 | 6 | 7 |
| Tesourería | 1 | 2 | 3 |
| Turismo | - | - | - |
| Urbanismo | 3 | 2 | 5 |
| TOTAL | 61 | 68 | 129 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

Por categoría profesional, a distribución do cadro de persoal do Concello recolle claramente unha asimetría por sexo nas diferentes categorías profesionais. No cadro de auxiliares administrativos e persoal peón de limpeza son maioría mulleres, mentres que nas categorías de policía local, conserxes, condutores e socorristas son maioría os homes.

**Táboa 25:** distribución do cadro de persoal por categoría profesional e sexo

| Denominación da categoría | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Secretaria | 1 | 0 | 1 |
| Tesoureiro | - | 1 | 1 |
| Interventor | - | 1 | 1 |
| Adxunto tesourería | - | 1 | 1 |
| Arquitecto | - | 1 | 1 |
| Aparellador | - | 1 | 1 |
| Arquiveiro | - | 1 | 1 |
| Bibliotecario | - | 1 | 1 |
| Traballadoras Sociais | 2 | - | 2 |
| Axente Local de Emprego | 1 | - | 1 |
| Directora do CIM | 1 | - | 1 |
| Educadora familiar | 1 | - | 1 |
| Mestra música | 1 | - | 1 |
| Xefes/as negociado | 3 | 2 | 5 |
| Auxiliares administrativos/as | 11 | 3 | 14 |
| Auxiliares Policía Local | 2 | 6 | 8 |
| Policías Locais | 0 | 12 | 12 |
| Socorristas | 1 | 6 | 7 |
| Monitor deportivo | - | 1 | 1 |
| Capataces | - | 3 | 3 |
| Persoal peón obras | - | 4 | 4 |
| Persoal peón xardineiros/as | 1 | 1 | 2 |
| Persoal peón limpeza | 35 | 9 | 41 |
| Condutores | - | 3 | 3 |
| Conserxes | 1 | 6 | 7 |
| Notificador | - | 1 | 1 |
| Peón enterrador | - | 1 | 1 |
| Oficial albanel | - | 1 | 1 |
| Peón carpinteiro | - | 1 | 1 |
| Peón electricista | - | 1 | 1 |
| TOTAL | 61 | 68 | 129 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

Á vista dos datos recollidos, comprobamos como aínda no municipio persisten desigualdades entre mulleres e homes no mercado laboral, xa que seguen a ser as mulleres as que sofren en maior medida o desemprego.

O perfil das persoas usuarias do Servizo de Promoción de Emprego é de mulleres con estudos primarios, entre 30 e 45 anos e en situación de desemprego, que demanda maioritariamente orientación laboral.
O autoemprego feminino tamén é unha materia pendente, se ben é certo que cada vez son máis as mulleres que acoden ao Servizo de Promoción de Emprego a recibir asesoramento e que crean as súas propias empresas.

A precariedade laboral tamén se fai visible no persoal do propio Concello. Ao respecto, cómpre sinalar que aínda que o número de traballadores e traballadoras está bastante equilibrado, a temporalidade laboral é un trazo característico das mulleres traballadoras do Concello. Do mesmo xeito, existe unha clara división no tipo de traballos que desempeñan traballadoras e traballadores, reflexo da diversificación ocupacional por sexo do mercado laboral.

Deste xeito é necesario adoptar medidas para facilitar a inserción laboral de mulleres no municipio, tendo en conta a problemática deste colectivo, a sensibilización do tecido empresarial do municipio e a promoción e apoio da iniciativa emprendedora das mulleres como unha saída a situación de desemprego.

No referente ao **urbanismo**, hai que dicir que no municipio de Bueu o nome de rúas e de prazas segue a ser dominio masculino. Das 14 rúas do concello, tan só dúas teñen o nome de muller (rúa Rosalía de Castro e Matilde Bares). O mesmo acontece nas prazas e nas instalacións municipais. O concello só conta cos xardíns de María Eugenia e a Sala de Exposicións «Amalia DominguezBúa».

**Táboa 26:** número de espazos do concello por sexo

| Tipo de vía | Mulleres | Homes |
|---|---|---|
| Número de rúas | 2 | 13 |
| Número de prazas | 1 | 3 |
| Número de instalacións | 1 | 3 |
| TOTAL | 4 | 16 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

A pesar de que nos últimos anos se están a suprimir as barreiras arquitectónicas dos edificios públicos, aínda existen algunhas instalacións que non contan con ascensores ou ramplas de acceso, como é o caso da Biblioteca de Bueu, o Pavillón de deportes, a Policía Local e a Biblioteca de Cela.

No que respecta á composición das comisións de adxudicacións de promocións públicas por sexo, é necesario destacar que ditas comisións son eminentemente masculinas, tan só unha muller forma parte da mesma.

**Táboa 27:** composición das comisións de adxudicacións de promocións públicas por sexo

| Composición da comisión de adxudicación | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Responsable mesa | - | 1 | 1 |
| Persoal técnico municipal | - | 1 | 1 |
| Persoal responsable da concellería urbanismo e patrimonio | - | 1 | 1 |
| Persoal secretario xeral | - | 1 | 1 |
| Persoal secretario da mesa de contratación | 1 | - | 1 |
| TOTAL | 1 | 4 | 5 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

A **actividade física** e o **deporte** están relacionados con aspectos fundamentais da vida cotiá e o benestar persoal, de aí que a súa práctica cada día cobre maior importancia na vida de mulleres e homes.

Os datos achegados polo departamento de Deportes amosan a existencia dunha participación desigual no deporte entre mulleres e homes. Así, nas actividades deportivas dirixidas a persoas adultas, son os homes os que teñen un índice de participación máis alto (60,77 %) fronte ás mulleres (29,23 %).

Tamén atopamos diferenzas por sexo en función do tipo de actividade. Así, as mulleres participan en maior medida en actividades de Pilates (95,60 %) e Matroximnasia (75 %), mentres que os homes teñen unha participación máis visible en Ximnasia (81,39 %). No resto de actividades a presenza e bastante equilibrada.

**Táboa 28:** núm. de persoas participantes nas distintas actividades deportivas organizadas polo concello por sexo

| Nome da actividade | Persoas destinatarias | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|---|
| Pilates | Adultas | 87 | 4 | 91 |
| Ximnasia | Adultas | 51 | 223 | 274 |
| Matroximnasia | Adultas | 6 | 2 | 8 |
| Persoas con discapacidade | Adultas | 9 | 8 | 17 |
| TOTAL | | 153 | 237 | 390 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

No que se refire ao número de clubs e sociedades deportivas, en Bueu hai 17 dos que non se dispón información desagregada por sexo das persoas socias e da que preside.

Do total de clubs deportivos, tan só tres, o Bueu Atlético Balonmán, o ADF de Bueu e o Club de Remo teñen equipo feminino. Así, hai un total de 7 equipos femininos deportivos do municipio fronte a 17 masculinos e 9 de carácter mixto, en tres dos cinco clubs, o EFP Beluso, Bueu Atlético Balonmán e ADF Bueu.

**Táboa 29:** relación de equipos deportivos

| Equipos deportivos | Equipo feminino | Equipo masculino | Mixto | Total |
|---|---|---|---|---|
| CD Beluso | - | 4 | - | 4 |
| EFB Beluso | - | - | 5 | 5 |
| Bueu Atlético Balonmán | 2 | 4 | 2 | 8 |
| ADF Bueu | 2 | 4 | 2 | 8 |
| Remo | 3 | 5 | - | 8 |
| TOTAL | 7 | 17 | 9 | 33 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

O número de homes deportistas federados (529) é moi superior ao de mulleres (187). Entre as mulleres federadas destacan maioritariamente as que xogan ao balonmán e ao fútbol sala. O deporte estrela masculino é o fútbol que conta con 231 deportistas federados e o remo, con 81 deportistas.

**Táboa 30:** deportistas federados/as por actividade deportiva e sexo

| Deportistas federados/as | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Remo | 18 | 81 | 99 |
| Fútbol sala | 21 | 58 | 79 |
| Xadrez | 2 | 50 | 52 |
| Fútbol | 2 | 231 | 233 |
| Balonmán | 144 | 33 | 177 |
| Loita | - | 76 | 76 |
| TOTAL | 187 | 529 | 716 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

A análise realizada da área de Ocio e Deporte revela en primeiro lugar a ausencia de información desagregada por sexo das persoas socias dos diferentes clubs e sociedades deportivas, e en segundo lugar unha maior participación de homes nas actividades deportivas que se organizan no Concello.

Ao mesmo tempo, é necesario destacar que, a pesar do esforzo visible dos diferentes clubs deportivos na creación de equipos femininos e mixtos, o número de mulleres federadas segue sendo aínda moi inferior ao dos homes.

Deste xeito, os obxectivos e actuacións nesta área irán dirixidos ao deseño de actuacións que promovan unha práctica deportiva igualitaria entre homes e mulleres.

A **participación política e social** é fundamental para a promoción da igualdade, así como tamén un elemento inherente ao desenvolvemento da vida no municipio.

No que se refire ao movemento asociativo, no municipio existen un total de 71 asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Bueu (culturais, veciñais, clubs, folclore, de mulleres...), das que non se dispoñen datos desagregados por sexo do número de socias e socios.

En canto ao asociacionismo feminino, en Bueu existen tres asociacións de mulleres. En dúas delas (a  Asociación de mulleres Rurais, Mar e Agro e a Asociación de Mulleres de Mariñeiros, Rosa dos Ventos) as socias son exclusivamente mulleres e son un número considerable. Na outra, a asociación Dable pola Igualdade, o número de socias é moi baixo e ten tamén como socios a homes.

**Táboa 31:** núm. de persoas socias das asociacións de mulleres por sexo

| Nome da asociación de mulleres | Socias | Socios | Total |
|---|---|---|---|
| Mulleres Rurais Mar e Agro | 80 | - | 80 |
| Asociación de Mulleres de Mariñeiros, Rosa dos Ventos | 50 | - | 50 |
| Dable pola Igualdade | 3 | 1 | 4 |
| TOTAL | 133 | 1 | 134 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

No caso concreto da política, cada vez son máis as mulleres que participan activamente na vida política de Bueu, aínda que a corporación municipal segue sendo maioritariamente masculina.

**Táboa 32:** Corporación Municipal por sexo

| Cargo | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Concelleiros/as | 7 | 10 | 17 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

No que se refire aos sindicatos, segue sendo maioría a representación masculina, principalmente CGT e UGT, mentres que CSI-CSIF e CG, conta con mulleres como representantes sindicais.

**Táboa33:**representación sindical

| Sindicatos | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| CGT | - | 3 | 3 |
| CSI-CSIF | 1 | - | 1 |
| CG | 1 | - | 1 |
| UGT | - | 3 | 3 |
| TOTAL | 2 | 6 | 8 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

A análise dos datos de participación social e política poñen de manifesto a necesidade de fomentar o asociacionismo feminino e de seguir traballando por unha presenza máis equilibrada entre ambos sexos na política e sindicatos.
En canto a **saúde** e **benestar**, é importante salientar que o pleno benestar físico, mental e social da cidadanía de Bueu é fundamental para loitar contra as desigualdades sociais e o incremento da pobreza.

O papel dos servizos sociais é fundamental, posto que prestan servizos e atencións que melloran a calidade de vida e a participación das persoas, especialmente daquelas que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención selectiva.

Segundo a información aportada polo departamento de benestar social, no ano 2016 atendéronse un total de 1 650 persoas, sendo máis da metade (un 62 %) mulleres que na súa maioría teñen 60 anos, presentan algunha discapacidade e están en situación de vulnerabilidade e/ou teñen menores a cargo.

**Gráfica 5:** Persoas atendidas por sexo no departamento de benestar social




Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

Atendendo ao tipo de colectivo, cómpre sinalar que con independencia do sexo, son as persoais maiores e as persoas con discapacidade as que acoden en maior medida ao servizo.

**Táboa 34:** núm. de persoas que atendidas por tipo de colectivo e sexo

| Colectivo | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Persoas maiores | 352 | 122 | 474 |
| Infancia | 64 | 55 | 119 |
| Persoas inmigrantes | 23 | 14 | 37 |
| Persoas con discapacidade | 212 | 212 | 424 |
| Minorías étnicas | 3 | 1 | 4 |
| Persoas drogodependentes | 7 | 12 | 19 |
| Outros (familiares, persoas sen fogar) | 363 | 210 | 573 |
| TOTAL | 1 024 | 626 | 1 650 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

As mulleres acoden ao servizo a solicitar información, orientación, valoración e mobilización de recursos, para a cobertura de necesidades de subsistencia e, en menor medida, para solicitar prestacións e actuacións de prevención de inserción laboral. Os homes tamén realizan maioritariamente consultas deste tipo, aínda que en menor medida.

**Táboa 35:** núm. de persoas que atendidas por tipo de consulta e sexo

| Tipo de consulta | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Información, orientación, valoración e mobilización de recursos | 474 | 307 | 781 |
| Prestación e actuación de apoio á unidade convivencial e de axuda no fogar | 105 | 52 | 157 |
| Prestacións, actuacións e medidas de aloxamento alternativo | 11 | 6 | 17 |
| Prestacións, actuación de prevención de inserción social | 75 | 54 | 129 |
| Recursos para a cobertura de necesidades de subsistencia | 282 | 150 | 432 |
| Educación, orientación e apoio familiar | 41 | 66 | 107 |
| TOTAL | 988 | 635 | 1.623 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

Nas actividades programadas ao longo do ano, «Escola de familia» e «Obradoiro de adestramento da memoria», practicamente o 90 % das persoas participantes son mulleres.

**Táboa 36:** núm. de persoas participantes nos distintos programas, cursos e actividade organizadas polo departamento por sexo

| Nome da actividade | Persoas destinatarias | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|---|
| Escola de familia | Familias de alumnado de Educación Infantil, primaria e secundaría | 25 | 3 | 28 |
| Obradoiro de estimulación e adestramento da memoria | Persoas maiores de 65 anos | 21 | 5 | 26 |
| TOTAL | | 46 | 8 | 54 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

En canto ao reparto das axudas, o perfil das persoas beneficiarias é feminino: un 75,75 % de mulleres foron beneficiarias de axudas de emerxencia social fronte a un 24,25 % de homes.

**Táboa 37:** núm. de persoas beneficiarias de axuda por sexo

| Tipo de axuda | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Emerxencia social municipal | 25 | 8 | 33 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

Tamén son as mulleres as beneficiarias da maioría das prestacións económicas, destacando principalmente o 44,26 % de mulleres que reciben prestacións non contributivas por xubilación e o 33,19 % por discapacidade.

**Táboa 38:** núm. de persoas beneficiarias de prestación económicas por sexo

| Tipo de prestación económica | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| Axudas de inclusión social | 9 | 1 | 10 |
| Risga | 30 | 26 | 56 |
| PNC xubilación | 108 | 41 | 149 |
| PNC invalidez | 81 | 61 | 142 |
| Outras | 16 | 9 | 25 |
| TOTAL | 244 | 138 | 382 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

Os datos analizados poñen de manifesto que as mulleres teñen unha problemática específica derivada sobre todo e principalmente da asunción en exclusiva das responsabilidades familiares e do coidado de persoas dependentes. Ademais, existe o factor da violencia que se exerce contra elas, que está a influír negativamente sobre a súa saúde e calidade de vida.

As mulleres tamén son as que máis acoden os servizos sociais para a solicitude de prestacións e axudas, así como as que participan no programa de educación familiar do Concello.

Non obstante, a pesar dos esforzos que se veñen realizando, é necesario incidir no ámbito da saúde, na adopción de hábitos de vida

saudables como medida preventiva e favorecedora dunha mellor calidade de vida, así como a consolidación dos servizos sociais.

A **conciliación** da vida laboral e familiar é un problema sociolóxico complexo que require de esforzos por parte de toda a sociedade para poder buscar unha solución o máis axeitada posible ás necesidades deste concello.

A vila de Bueu ten dous centros de día de titularidade privada, que presta atención a persoas maiores e/ou dependentes e dúas garderías, unha municipal e outra de xestión privada. Asemade, dispón dun servizo de ludoteca, aínda que tan só está dispoñible na época estival.

Por parte da administración, é fundamental a creación de servizos de apoio e de infraestruturas que faciliten a conciliación.

**Táboa 39:** servizos que facilitan a conciliación da vida laboral e familiar

| Servizos | Xestión Pública | Xestión Privada | Total |
|---|---|---|---|
| Gardería | 1 | 1 | 2 |
| Centro de día | - | 2 | 2 |
| Ludoteca[4] | 1 | - | 1 |
| TOTAL | 1 | 4 | 5 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

Aínda que os servizos de apoio á conciliación son fundamentais, non son suficientes. É necesario sensibilizar á cidadanía das consecuencias negativas que supón a falta de responsabilidade colectiva para a sociedade e especialmente para as mulleres no mercado laboral.

Por isto, é necesario incidir especialmente na realización de campañas de información, na formación e sensibilización para fomentar a responsabilidade colectiva, na creación de servizos de proximidade a través da promoción dos Bancos do Tempo e de espazos de atención a rapazas e rapaces nos actos organizados polo Concello, así como dunha rede de voluntariado.

[4] Actividade só en verán.

# 5. Eixo transversal de xénero

Neste IV Plan vaise continuar coa área directora específica en políticas de igualdade. A área transversal proposta permitirá seguir mellorando e incrementando a coordinación entre departamentos. Ademais, favorecerá a introdución da perspectiva de xénero no maior número posible de actuacións municipais.

Para acadar esta meta, é necesario que se recollan no desenvolvemento do plan medidas dirixidas a lograr que a perspectiva de xénero sexa unha liña máis de traballo e unha norma xeral de actuación municipal.

| **Obxectivo xeral transversal:** *Institucionalizar a perspectiva de xénero en todas as actuacións específicas que se levan a cabo no concello de Bueu.* | |
|---|---|
| **PRIMEIRA** | ✓ *Difundir o IV Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Bueu a todo o persoal técnico, aos axentes sociais, ao empresariado e á cidadanía en xeral.* |
| **SEGUNDA** | ✓ *Formar ao persoal político e técnico na perspectiva de xénero para garantir a consecución da igualdade.* |
| **TERCEIRA** | ✓ *Establecer o criterio de igualdade de oportunidades na valoración de convocatorias de subvención e nas licitacións públicas municipais.* |
| **CUARTA** | ✓ *Velar polo cumprimento dunha linguaxe e imaxe non discriminatoria en toda a carteleira, documentación, publicidade, proxectos, ofertas de emprego...* |
| **QUINTA** | ✓ *Recoller datos desagregados por sexo en todas as actuacións levadas a cabo: estatísticas, informes, memorias, actividades...* |

# 6. Áreas de actuación

## 6.1. Violencia de xénero




**Obxectivo xeral**

*Loitar contra a violencia de xénero a través da prevención, sensibilización e asistencia e protección das vítimas.*

| **Obxectivo específico 1.1.:** *Realizar actuacións de sensibilización en materia de violencia de xénero en colaboración cos centros educativos.* | | EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO |
|---|---|---|
| **Actuación 1.1.1.** | ✓ *Elaboración dun protocolo de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo.* | |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Centros educativos | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Elaboración de protocolo<br>✓ Núm. de reunións realizadas<br>✓ Núm. e relación de participantes | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 1.1.2.** | ✓ *Organización de obradoiros de prevención e información de ciberacoso e seguridade na rede para alumnado, profesorado e ANPAS.* | EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Centros de ensino<br>✓ ANPAS | |
| **Temporalidade** | ✓ 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. de obradoiros organizados<br>✓ Núm. de persoas participantes | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 1.1.3.** | ✓ *Continuar a colaboración cos centros educativos nos actos de sensibilización do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as mulleres.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Centros de ensino | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. e tipo de actividades de sensibilización realizadas<br>✓ Núm. de entidades participantes<br>✓ Núm. de persoas participantes | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 1.1.4.** | ✓ *Continuar cos obradoiros de Prevención da Violencia de Xénero en alumnado de educación secundaria.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Centros de ensino | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. de obradoiros organizados<br>✓ Núm. de persoas participantes | |

EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO

| | |
|---|---|
| **Actuación 1.1.5.** | ✓ *Realización dunha convocatoria para o deseño de proxectos de prevención da violencia de xénero por parte do Concello.* |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Centros de ensino |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. de convocatorias realizadas<br>✓ Núm. de centros participantes<br>✓ Núm. de persoas beneficiarias |

EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO

| | |
|---|---|
| **Actuación 1.1.6.** | ✓ *Realización dunha «Marcha contra a violencia de xénero».* |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Centros de ensino<br>✓ Asociacións<br>✓ ANPAS |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. de convocatorias realizadas<br>✓ Núm. de centros participantes<br>✓ Núm. de persoas beneficiarias |

| **Obxectivo específico 1.2.:** *Continuar coa sensibilización, concienciación e formación da poboación na loita contra a violencia de xénero.* | | EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO |
|---|---|---|
| **Actuación 1.2.1.** | ✓ *Realización de obradoiros de habilidades sociais e autoestima para mulleres.* | |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Centro de Saúde<br>✓ Asociacións | |
| **Temporalidade** | ✓ 2019 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. de obradoiros realizados<br>✓ Núm. de mulleres participantes | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 1.2.2** | ✓ *Anteposición da contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero na oferta de emprego público.* | EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Departamento de Secretaría | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. de accións postas en marcha<br>✓ Núm. de mulleres beneficiadas<br>✓ Grao de satisfacción | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 1.2.3** | ✓ *Realización de xornadas técnicas específicas en prevención da violencia de xénero para o persoal do Centro de Saúde e Policía Local.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Policía Local<br>✓ Centro de Saúde | |
| **Temporalidade** | ✓ 2019 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. e tipo de cursos realizados<br>✓ Núm. de horas de formación<br>✓ Núm. de persoas participantes<br>✓ Grao de satisfacción | |

| | | |
|---|---|---|
| **Obxectivo específico 1.3.:** *Reforzar e mellorar os servizos de atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.* | | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Actuación 1.3.1.** | ✓ *Mantemento do servizo de asesoramento xurídico e psicolóxico do Centro de Información ás Mulleres.* | |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. de persoas atendidas en asesoramento xurídico e psicolóxico<br>✓ Núm. e perfil das persoas atendidas<br>✓ Núm. e tipo de consultas realizadas<br>✓ Grao de satisfacción | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 1.3.2.** | ✓ *Contratación de persoal auxiliar administrativo para o Centro de Información ás Mulleres.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Posto creado | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 1.3.3.** | ✓ *Contratación de axente de Igualdade de Oportunidades para o Centro de Información ás Mulleres.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Posto creado | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 1.3.4.** | ✓ *Facilitar e subvencionar a formación especializada e actualizada en violencia de xénero ao persoal que intervén na atención ás vítimas de violencia de xénero.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Policía Local<br>✓ Centro de Saúde<br>✓ Centros de ensino | |
| **Temporalidade** | ✓ 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. e tipo de formación impartida<br>✓ Núm. e perfil das persoas participantes<br>✓ Grao de satisfacción das persoas participantes | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 1.3.5.** | ✓ *Inclusión e mantemento dun espazo específico e visible do Centro de Información ás Mulleres na páxina web do Concello.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Concellería de Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Creación do espazo web<br>✓ Porcentaxe de espazo dedicado<br>✓ Núm. de entradas de información<br>✓ Núm. de visitas | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 1.3.6.** | ✓ *Reforzamento da coordinación entre o Centro de información ás Mulleres e o Centro de Saúde.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Centro de Saúde | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. de reunións<br>✓ Núm. e tipo de contacto establecidos | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 1.3.7.** | ✓ *Reforzamento da coordinación entre o Centro de Información ás Mulleres e a Policía Local, coa adscrición dun/dunha axente específico/a ao Centro de Información ás Mulleres.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Centro de Saúde | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. de reunións<br>✓ Núm. e tipo de contactos establecidos | |

## 6.2. Educación e cultura



**Área de educación e cultura**

**Obxectivo xeral**
*Promover valores educativos e hábitos culturais igualitarios.*

| **Obxectivo específico 2.1.:** *Difundir e fomentar a educación das persoas adultas.* | | EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO |
|---|---|---|
| **Actuación 2.1.1.** | ✓ *Realización de campañas de difusión para dar a coñecer a oferta formativa de educación para persoas adultas, especialmente a mulleres.* | |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Centros de ensino<br>✓ Área de educación, cultura e políticas sociais | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018 e 2020 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. e tipo de campañas realizadas | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 2.1.2.** | ✓ *Promoción da inclusión de módulos de igualdade na educación das persoas adultas.* | EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Centros de ensino<br>✓ Área de educación, cultura e políticas sociais | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. e tipo de medidas adoptadas | |

**Obxectivo específico 2.2.:**
*Continuar concienciando á comunidade educativa en materia de igualdade.*

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 2.2.1.** | ✓ *Elaboración dun plan de igualdade intercentros educativos.* | EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Centros de ensino<br>✓ Educación, cultura e políticas sociais<br>✓ ANPAS | |
| **Temporalidade** | ✓ 2020 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. de reunións/contactos establecidos<br>✓ Núm. de centros implicados<br>✓ Núm. de ANPAS | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 2.2.2.** | ✓ *Elaboración e mantemento dun espazo dedicado á educación en igualdade na páxina web do Concello.* | EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Facenda Municipal, Modernización da administración Local e Réxime interior | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Creación do espazo<br>✓ Núm. e tipo de entradas de información<br>✓ Núm. de visitas | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 2.2.3.** | ✓ *Realización, en colaboración coa OMIC, de campañas de sensibilización dirixidas á cidadanía sobre temas de igualdade e consumo: publicidade e xénero, xoguetes non sexistas...* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ OMIC<br>✓ Economía, emprego e consumo, turismo | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm.de campañas de sensibilización realizadas<br>✓ Tipos de canles de difusión<br>✓ Colectivo beneficiario | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 2.2.4.** | ✓ *Organización de obradoiros de elección profesional non sexistas dirixidos ao alumnado e familias.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Centros de ensino<br>✓ Educación, cultura e políticas sociais | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. de obradoiros realizados<br>✓ Núm. e tipo de centros de ensino participantes<br>✓ Núm. de alumnado participante<br>✓ Grao de satisfacción do alumnado participante | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 2.2.5.** | ✓ *Continuar coa convocatoria do concurso de viñetas e ilustración «A igualdade no traballo» entre o alumnado do derradeiro ciclo de educación primaria, ESO e bacharelato.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Centros de ensino | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm.e tipo de centros de ensino participantes<br>✓ Núm. de alumnado participante<br>✓ Grao de satisfacción do alumnado participante | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 2.2.6.** | ✓ *Mantemento dos obradoiros de educación non sexista dirixidos a alumnado e ANPAS.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Centros de ensino<br>✓ ANPAS | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. de obradoiros realizados<br>✓ Núm. de ANPAS participantes<br>✓ Núm. e tipo de centros de ensino participantes<br>✓ Núm. de alumnado participante<br>✓ Grao de satisfacción do alumnado participante | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 2.2.7.** | ✓ *Continuar coa celebración do día 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. de actividades celebrados<br>✓ Núm. de mulleres e homes participantes<br>✓ Núm. de institucións participantes | |

| | | |
|---|---|---|
| **Obxectivo específico 2.3.:** *Facer visible e difundir as achegas de mulleres relevantes na historia de Bueu.* | | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Actuación 2.3.1.** | ✓ *Difusión do papel das mulleres no sector marítimo de Bueu a través das actividades organizadas polo Museo Massó.* | |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Economía, emprego e consumo, turismo<br>✓ Museo Massó | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. e tipo de actividades realizadas<br>✓ Núm. de mulleres e homes participantes<br>✓ Grao de satisfacción das persoas participantes | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 2.3.2.** | ✓ *Realización de traballos escolares sobre mulleres relevantes na historia de Bueu en colaboración cos centros educativos.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Centros educativos | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm.de traballos escolares realizados<br>✓ Núm. e tipo de centros de ensino participantes<br>✓ Núm. de alumnado participante<br>✓ Grao de satisfacción das persoas participantes | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 2.3.3.** | ✓ *Incorporación de achegas sociais, artísticas e culturais das mulleres relevantes na historia de Bueu nas rutas turísticas do Concello.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Concellería de turismo | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm.e tipo de rutas turísticas<br>✓ Núm. de mulleres relevantes<br>✓ Núm. de mulleres e homes participante | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 2.3.4.** | ✓ *Designar as rúas, prazas ou edificios con topónimos locais e nomes de mulleres relevantes na historia de Bueu.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Departamento(s) responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Urbanismo, patrimonio e vivenda | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm.de rúas, prazas ou edificios con nome de mulleres | |

| | | |
|---|---|---|
| **Obxectivo específico 2.4.:** *Apoiar e difundir iniciativas culturais que contemplen valores relacionados coa perspectiva de igualdade.* | | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Actuación 2.4.1.** | ✓ *Continuar co apoio e difusión de exposicións monográficas de mulleres artistas en diferentes ámbitos.* | |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Concellería de Educación e Cultura<br>✓ Museo Massó | |
| **Temporalidade** | ✓ 2019 e 2020 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. de exposicións realizadas<br>✓ Núm. de mulleres participantes<br>✓ Núm. de mulleres e homes que visitan as exposicións | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 2.4.2.** | ✓ *Consolidación como referente cultural no eido da igualdade do Certame de Relatos de Muller «Matilde Bares».* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm.mulleres e homes do xurado<br>✓ Núm. de relatos presentados<br>✓ Núm. de mulleres e homes participantes | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 2.4.3.** | ✓ *Inclusión dunha sección específica sobre temáticas sociais relacionadas coa discriminación das mulleres e a igualdade na próxima edición do Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Concellería de Cultura<br>✓ FICBUEU | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm.de curtametraxes presentadas<br>✓ Núm. de directoras e directores das curtametraxes<br>✓ Temáticas das curtametraxes representadas | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 2.4.4.** | ✓ *Promoción de representacións escénicas (contacontos, teatro...) dentro das actividades culturais que aborden cuestións de igualdade.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Concellería de Cultura | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. de actividades escénicas representadas<br>✓ Núm. de persoas participantes | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 2.4.5.** | ✓ *Realización en colaboración co Cine Club sobre ciclos de vídeo forum para a igualdade.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Cine Club de Bueu | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. de vídeo foros realizados<br>✓ Núm. de persoas participantes | |

| | | |
|---|---|---|
| **Actuación 2.4.6.** | ✓ *Organizar exposición de libros de lectura relacionados con mulleres feministas e/ou coa igualdade e prevención da violencia de xénero.* | **EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO** |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade<br>✓ Bibliotecas | |
| **Temporalidade** | ✓ 2018, 2019, 2020 e 2021 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Núm. de libros expostos<br>✓ Núm. de exposicións realizadas<br>✓ Núm. de persoas participantes | |

## 6.3. Formación e emprego



**Área de formación e emprego**

**Obxectivo xeral**

*Favorecer e mellorar o acceso ao emprego e ao emprendemento das mulleres.*

| **Obxectivo específico 3.1.:** *Promover a igualdade de oportunidades no acceso ao emprego de mulleres e homes.* | | EIXO TRANSVERSAL DE XÉNERO |
|---|---|---|
| **Actuación 3.1.1.** | ✓ *Análise da participación da muller nos órganos de participación a nivel local.* | |
| **Áreas e/ou departamentos responsable(s)** | ✓ Departamento de Desenvolvemento Local<br>✓ Concellería Economía e Emprego<br>✓ Centro de Información ás Mulleres<br>✓ Concellería de Igualdade | |
| **Temporalidade** | ✓ 2020 | |
| **Indicadores de resultado** | ✓ Número de mulleres que participan<br>✓ Núm. de reunións | |

